

## BANDO

### EXPOSICIÓN PÚBLICA DO CENSO ELECTORAL

Faise saber, que en cumprimento da normativa electoral vixente (Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño e as súas modificacións) e de cara á convocatoria das **Eleccións a Cortes Xerais 2023** (data de votación 23/07/2023), están a disposición do público os seguintes censos electorais : CENSO ELECTORAL DE ESPAÑOIS RESIDENTES EN ESPAÑA (CER), CENSO ELECTORAL DE ESPAÑOIS RESIDENTES NO ESTRANXEIRO (CERA), así como a lista das MESAS ELECTORAIS, para a súa CONSULTA OU POSIBLE RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA (por parte das persoas interesadas), no prazo, lugar e horarios seguintes:

#### **PRAZO DE EXPOSICIÓN:**

Dende o día 5 de xuño ata o día 12 de xuño de 2023 (ambos inclusive).

#### **HORARIO DE PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓNS:**

Días laborais: de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas. Do 5 de xuño ata o día 12 de xuño de 2023 (ambos inclusive).

#### **LUGAR DE CONSULTA:**

Na oficina de Rexistro-Estatística, sita no andar baixo da casa do Concello, para facer a consulta por medios informáticos, dos datos electorais, esta deberá ser individual para cada persoa que solicita a consulta, previa identificación. O documento de identificación deberá ser algún dos que para o acto de votación indica o artigo 85.1 da Lei electoral: D.N.I., pasaporte ou permiso de conducir, no que apareza a fotografía da persoa titular.

O horario de consulta neste caso é de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres.  
Ou chamando ós seguintes teléfonos:

Oficina do Censo Electoral: 981 217 439, 900 343 232 (gratuíto).

Concello de Cerceda: 981 685 001 (ext. 1), so desde o día 10 de xuño ata o día 12 de xuño de 2023 (ambos incluídos), en horario de 9:00 a 14:00 horas.

É importante que todas as persoas con dereito ao voto consulten a súa correcta inscrición dos seus datos nas listas electorais, en especial os que cumpriran recentemente os 18 anos, e os que cambiaran de domicilio ou residencia nos últimos meses.

Cerceda, 2 de xuño de 2023

O alcalde en funcións

Juan Manuel Rodríguez García